

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca, se establecen as zonas demarcadas para esta praga e se adoptan medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Antecedentes.

A praga denominada «couza guatemalteca da pataca», provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*, é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo: Venezuela (1983), Colombia (1985) e Ecuador (1996). En Europa foi observado e identificado nas illas Canarias (1999-2006).

A *Tecia solanivora Povolny* é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (*European Plant Protection Organization*), e no anexo II, parte A, sección I da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, polo que se considera unha praga de corentena, sometida a regulación e, por tanto, é necesario tomar medidas para a súa erradicación e control.

Os danos son causados pola larva, tanto no campo como no almacén, a cal penetra no tubérculo para alimentarse facendo galerías. O tubérculo de pataca é o único hospedeiro desta praga.

Consideracións legais e técnicas.

O artigo 14 do Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que se establece a estrutura da Consellería do Medio Rural e do Mar, establece que a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria é o órgano competente en materia de protección e control da sanidade vexetal.

O día 9 de outubro publícase no DOG o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o cal establece na súa disposición final sétima que as referencias aos órganos suprimidos ou que varíen a súa denominación se entenderán realizadas aos que os substitúen ou asumen as súas com-



petencias, polo que se entende que as ditas competencias están na Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O artigo 14 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal (BOE núm. 279, do 21 de novembro), habilita a Comunidade Autónoma de Galicia para adoptar algunha das medidas fitosanitarias establecidas no artigo 18 da dita lei, o que implica a facultade de desinsectar, desinfectar, inmovilizar, destruír, transformar ou someter a calquera outra medida profiláctica os vexetais e os seus produtos, así como o material con eles relacionado que sexa ou poida ser vehículo de pragas (artigo 18.b).

O artigo 13 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, establece que a execución das medidas fitosanitarias necesarias para a erradicación das pragas deberá realizalas o interesado, considerando que é obriga dos particulares:

a) Manter os seus cultivos, plantacións e colleitas, así como as masas forestais e o medio natural, en bo estado fitosanitario para a defensa das producións propias e alleas.

b) Aplicar as medidas fitosanitarias obrigatorias que se establezan como consecuencia da declaración de existencia dunha praga.

O incumprimento destas medidas pode ser considerado infracción administrativa, o que pode obrigar o órgano competente da Administración pública a iniciar o correspondente expediente sancionador con base nas obrigacións dos particulares na prevención e loita contra pragas (artigo 53 e seguintes) segundo a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

A adopción destas medidas implica a entrada nos predios e parcelas dos particulares afectados polo organismo de corentena para a erradicación de todas as especies sensibles, sen prexuízo de que os titulares procedan á execución das medidas, de conformidade co previsto no artigo 19 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Declarar a presenza da praga denominada *Tecia solanivora* Povolny, «couza guatemalteca da pataca», na Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Establecer como zonas demarcadas pola existencia da praga denominada *Tecia solanivora Povolny* (couza guatemalteca da pataca), na Comunidade Autónoma de Galicia os concellos de Ferrol, Narón e Neda na provincia da Coruña.

3. Establecer as seguintes medidas fitosanitarias dentro das zonas demarcadas:

a) Medidas que deben obrigatoriamente adoptar os agricultores nas zonas demarcadas:

– Colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva.

– Utilizar semente libre da praga, certificada e con garantía sanitaria.

– Realizar tratamentos fitosanitarios con materias activas autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

– Retirar do terreo e destruír todos os tubérculos danados, así como os restos de colleita, co fin de romper o ciclo da praga durante o período de descanso.

b) Medidas que se recomenda adoptar aos agricultores nas zonas demarcadas:

– Desenterrar 15 días antes da plantación, os tubérculos afectados de campañas anteriores, recollelos e eliminalos.

– No momento da sementeira, enterrar as sementes a unha profundidade mínima de 15 cm, para crear unha barreira de terra entre estas e as posibles larvas.

– Eliminar as plantas procedentes de colleitas anteriores que nazan durante as primeiras etapas do cultivo.

– Aporcar por ambos os lados e a unha altura mínima de 25-30 cm.

– Rotar cultivos sempre que sexa posible.

c) Medidas que adoptarán os almacéns comercializadores:

– Separar dentro dos almacéns os tubérculos cuxo destino sexa o de semente dos de consumo.

– Colocar mallas tupidas, tipo malla anti-insectos, sobre os tubérculos almacenados para evitar a entrada e saída da couza.



– Desinfectar o almacén, a maquinaria e as ferramentas de manipulación con produtos autorizados.

– Seleccionar os tubérculos antes de almacenalos, eliminando todos aqueles que presenten danos que poidan ser causados pola praga.

– Facer un tratamento fitosanitario dos tubérculos almacenados con materias activas autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

– Colocar trampas con feromona para a detección da existencia da praga. Os tubérculos non poderán comercializarse no caso de obterse capturas.

– Separar os sacos baleiros e embalaxes de manipulación dos tubérculos, que se almacenarán en compartimentos distintos aos das patacas almacenadas.

d) Movemento de tubérculos:

– Queda prohibida a saída das zonas demarcadas dos tubérculos producidos nestas zonas.

4. Os afectados polo organismo nocivo *Tecia solanivora Povolny* deberán prestar toda a colaboración que sexa necesaria para levar a cabo as actuacións que determine a Consellería do Medio Rural para a erradicación e control da praga.

5. A localización e extensión das zonas demarcadas poderase modificar a medida que se realicen novas prospeccións e se detecten novos puntos positivos.

6. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Medio Rural no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2015

Patricia Ulloa Alonso  
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

